



MANIFESTO CAUSA GALIZA

No debate social e político, cando se fala dos dereitos aos que podemos e debemos aspirar, son centrais ideas e conceptos como soberanía, libre poder de decisión, dereito de autodeterminación, independencia, etc. Palabras que adquiren máis sentido no actual contexto de reforma institucional do Estado Español e no escenario europeo onde a reivindicación da liberdade dos pobos ten plena actualidade, como se comproba na Escocia, Montenegro, Cataluña, Irlanda, País Basco, Córsega, etc. É preciso, por tanto, falar de Galiza como de unha nación con todos os seus atributos, de Ortegal ao Miño e de Fisterra ao Berzo, enfrontando a maré uniformizadora española e da globalización capitalista.

Mais hoxe, asistimos a un proceso pactado de reforma estatutaria ensaiada polos principais partidos políticos, que ten como finalidade blindar de cara ao futuro a estabilidade institucional e territorial española en torno de un consenso entre as forzas políticas constitucionalistas. Algo que contrasta cos 27 anos de historia como “comunidade autónoma”, nos que as problemáticas que afectaban ao noso pobo non só non se resolveron senón que na maioría dos casos se teñen agravado. Durante esa etapa liquidouse grande parte da estrutura produtiva nacional, aumentou o desemprego, a precariedade laboral, a emigración, a pobreza e a exclusión social; atinximos as taxas máis altas de sinistralidade laboral, percibindo os máis baixos salarios e prestacións sociais; soportamos un permanente desastre demográfico; padecemos alarmantes cuotas de contaminación, especulación urbanística e desfeita ambiental, e a lingua e cultura nacional esmorecen pola presión españolizadora. A autonomía demostrou ser unha ferramenta xurídico-política incapaz de solucionar as principais consecuencias que derivan da nosa condición de nación subalterna privada de soberanía. A listaxe de problemas que son irresolúbeis no marco constitucional é ben longa. Unha administración autonómica de apoucada capacidade non pode enfrontar esa realidade e resolver os problemas de traballo, ordenación territorial e administrativa, sistema educativo e sociosanitario, políticas industriais, agrarias e pesqueiras, enerxía, lingua, cultura e deporte, ambiente, transporte e comunicacións, relacións internacionais, etc.

Porén, o poder institucional e as forzas autonomistas tentarán abordar unha reforma estatutaria que manteña a Galiza amarrada e sen dereitos. Sen dereito a decidir sobre o seu modelo socioeconómico, sobre o cadro xurídico-político que mellor responda aos intereses da maioría, ou sobre as medidas necesarias para garantir a plena normalización social do idioma; sen dereito a xestionar os recursos naturais atendendo ás súas propias necesidades e non ás do exterior... En definitiva, sen dispormos de poder de decisión para sortear a condena ao deterioro social e ambiental prolongado e á desaparición final como nación. Neste sentido, o recoñecemento do dereito de autodeterminación é unha garantía fundamental dun futuro de liberdade e xustiza social, porque sen autodeterminación non pode haber democracia.

É con base nesa realidade que unha serie aínda aberta de persoas, colectivos e entidades sociais e organizacións e forzas políticas galegas decidimos nos últimos meses iniciar unha nova andaina conxunta que sirva para dar coherencia e unidade ás reivindicacións existentes no seo do noso pobo, e que non están representadas nos consensos da oficialidade, nin na só aparente diversidade de ofertas políticas da precaria democracia en que vivimos.

A necesidade de que os anxeos dese amplo sector do pobo galego que non renuncia ao exercicio dos dereitos nacionais de Galiza, teñan voz e se podan difundir as ideas e propostas soberanistas, deu lugar a un debate cuxo fruto concreto é Causa Galiza: unha entidade social ampla e de esquerda, aglutinada en torno da necesidade de defendermos o exercicio do dereito de autodeterminación por parte do noso pobo.

Por iso, enfrontaremos a tentativa de dar continuidade á fracasada vía autonómica, exixindo que calquera mudanza do actual Estatuto pase pola abertura dun proceso de autodeterminación no que o pobo poda decidir sobre eses e outros aspectos fundamentais para o desenvolvemento de Galiza.

Conscientes da nosa responsabilidade neste momento histórico, defenderemos a nosa firme aposta por estes principios e a máxima flexibilidade na acción, para gañarmos máis galegos e galegas á causa da liberación nacional e social. **A causa da Galiza.**